



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CATRO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000012

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta minutos do día catro de abril de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 152 de data 3 de marzo/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro e asiste a interventora municipal dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 21.03.24 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 21.03.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- RESERVA DE VIA PÚBLICA PASO PERMANENTE INSTADA POR MARIA DOCE VERGARA AUTORIZACIÓN Nº 50.-

“En data 28/02/2024, rexistrase co número 2024000000353, escrito presentado por [REDACTED] co DNI [REDACTED] solicitando vado para a finca da súa propiedade ubicada en Avenida de Ferrol, 2 –Valdoviño.

Vista a documentación recopilada coa solicitude entre o que consta informe do Oficial da Policía Local de data do 21 de marzo 2024, no que relata:

“Que practicadas las correspondientes comprobaciones, resulta que la finca para la cual se solicita la autorización de vado, se localiza en Avd. de Ferrol, 2 - Valdoviño, y se identifica con el número de referencia catastral 9093914NJ6299S. La finca tiene acceso rodado hacia el interior de la misma desde el vial de titularidad municipal que se denomina Avd. de Ferrol y que se identifica en el inventario de viales con el número de activo 1C.6.0087.-

El espacio de reserva de vía pública para paso permanente de acceso a la finca que se identifica con el número 2 de la Avd. de Ferrol, será de cuatro metros, (frente al vial de titularidad municipal que se identifica con el número de activo 1C.6.0087).-

Por parte del Oficial de la Policía Local que suscribe, referente a normas de tráfico, no se aprecia impedimento a la concesión de la autorización solicitada.-

Se adjuntan dos fotografías y plano de situación”

Considerando a Ordenanza Municipal Reguladora de Vehículos deste Concello, nos seus puntos:

- 54.1.c) : Tipo de vado permanente - Garajes destinados a vivienda unifamiliar.-

- 55 Señalización:- 1.- Las entradas y salidas de vehículos que se autoricen se señalarán y delimitarán simultáneamente con dos tipos de señales:

A) Vertical: placa de prohibición de estacionamiento ajustado al modelo oficial, que será facilitada por el Ayuntamiento, previo abono de las tasas correspondientes.

La placa deberá instalarse en zona visible de la puerta de entrada o salida del inmueble, preferentemente en el lateral derecho o en su defecto, en la zona central superior de la fachada de la puerta. Excepcionalmente, en aquellos inmuebles con accesos de largo recorrido, se permitirá que se coloque en barra vertical.

A) Horizontal: franja amarilla de longitud correspondiente al ancho de la entrada, pintada en el bordillo o en la calzada junto al bordillo.

No se permitirá en ningún caso colocar rampas ocupando la calzada.

En el supuesto de que el interesado necesite realizar alguna obra de adaptación del vado deberá pedir el correspondiente permiso de obra.

2.- Los gastos que ocasione la señalización descrita en el apartado anterior, así como las obras necesarias serán a cuenta del solicitante, que vendrá obligado a mantener la señalización tanto vertical como horizontal en las debidas condiciones durante todo el período de vigencia de la autorización.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a solicitante [REDACTED] DNI [REDACTED] outorgando autorización de paso permanente de acceso á finca ubicada en Avenida de Ferrol 2-Valdoviño, termo municipal de Valdoviño; **-AUTORIZACIÓN NÚM. 50 nos términos sinalados no informe policial e** - debendo axustarse a autorización ó sinalado nos artigos 54, 55, 56, 57, 58 e 59 da Ordenanza municipal reguladora de vehículos, reproducidos parcialmente (arts. 54 e 55) na parte expositiva do acordo.

Segundo.- Aprobar a taxa segundo a ordenanza fiscal correspondente (a razón de 3,69 euros por metro/lineal) o que supón un importe de catorce euros con setenta e seis

céntimos (14,76 €); cantidade que deberá ingresar previamente nas arcas municipais o solicitante, para que a autorización surta efecto.

Terceiro.- Expedir o correspondente documento de autorización municipal; notificando o acordado á Policía Local para os efectos oportunos, así como á interesada.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA Á MARXE/

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/V018/000001).

3º.- APROBACIÓN DE TRAMITACIÓN E ADXUDICACIÓN DO “EQUIPAMENTO XIMNASIO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL” AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN DA ORDE DE 21 DE MARZO DE 2023 DA XUNTA DE GALICIA.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

“Esta Alcaldía é consciente e promove a consideración de interese público do deporte para esta entidade local e fixa como principios rectores o dereito de todos os cidadáns do municipio a practicar deporte de xeito libre, voluntario e democrático en termos de igualdade e sen discriminación ningunha así como a consecución duha práctica deportiva adaptada ás condicións de cada individuo.

Para iso o concello debe contar cunha infraestrutura e instalación adecuadas para ofertar un amplo abano de actividades e practicas deportivas.

Segundo transmiten dende o departamento de deportes do Concello de Valdoviño resulta necesario e urxente mellorar o mobiliario de instalacións deportivas municipais, seguras e de calidade á hora de procurar un desenvolvemento efectivo do sistema deportivo e da práctica de actividade física no municipio cunhas instalacións e dotacións que possibiliten un incremento nos recursos deportivos ao servizo dos cidadáns do municipio e dos axentes deportivos para facilitar unha práctica segura, respetuosa co entorno e co medio ambiente e cunha ampla variedade de prácticas deportivas para facilitar a libre elección de cada cidadán.

Vista a resolución de concesión de subvención ao Concello de Valdoviño ao abeiro da Orde do 21 de marzo de 2023: “Orde de 21 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a concellos para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable, e se procede á súa convocatoria para os anos 2023 e 2024”, (DOGA nº 60 de data 27 de marzo de 2023), outorgouse ao Concello de Valdoviño a cantidade de 3.064,61 euros para a execución do proxecto Equipamento ximnasio polideportivo municipal na anualidade 2024 (DOGA nº 143 de data 28 de xullo de 2023).

Para a execución dese proxecto solicitáronse tres orzamentos a empresas especializadas no sector deportivo para o subministro de mobiliario deportivo e deste xeito mellorar o mobiliario deportivo do ximnasio polideportivo municipal. O orzamento economicamente

máis ventaxoso dos tres presentados é o correspondente a Talentrophy, S. L. por un importe de 3.830,86 euros.

Polo tanto ao ser o seu valor estimado inferior a 15.000,00 € máis IVE, o contrato menor, da a natureza do suministro, esta Alcaldía estima máis adecuado que a utilización de calquera outros dos previstos na vixente Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 en virtude do establecido no artigo 118.2 da devandita Lei.

Por conseguinte vista a necesidade de executar a anualidade 2024 para a mellora de “Equipamento ximnasio polideportivo municipal”, esta Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

-Primeiro.- Que se autorice a tramitación do procedemento para a adquisición de: 1 bicicleta estática, 1 bicicleta elíptica, 2 bancos de pesas e 1 pack de pesas e barras de flexión; con cargo ao orzamento de gastos na aplicación orzamentaria 341.62500 por un importe de 3.830,86 euros ao ser o orzamento de menor importe dos tres presentados.

-Segundo.- Comprobada a existencia de crédito adecuado e suficiente solicita a contabilización da fase de gasto autorizado contra aplicación orzamentaria 341.62500 por importe de 3.830,86 euros para a execución do proxecto “Equipamento ximnasio polideportivo municipal” na anualidade 2024. Consta retención de crédito segundo documento contable con nº de operación 220240000060 de data 27/02/2024.

-Terceiro.- Comprometer o gasto (fase D) por importe de 3.830,86 euros contra a aplicación orzamentaria 341.62500 a favor da mercantil Talentrophy, S. L. con NIF B87459152 segundo o orzamento nº 43-L de data 5/03/2024 ao ser o orzamento economicamente máis ventaxoso dos tres presentados e ao tratarse dunha empresa especializada no sector ao abeiro do artigo 131.3 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público (BOE nº 272 de data 9 de novembro de 2017).

-Cuarto.- Adxudicar o subministro de material deportivo para a execución do proxecto Equipamento ximnasio polideportivo municipal na anualidade 2024 á mercantil Talentrophy S.L. co NIF B87459152 por importe de 3.830,86 euros ao abeiro do orzamento presentado baixo o número 43-L de data 5/03/2024.

-Quinto.- Dar traslado deste acordo á Intervención e á Tesoureiría municipais.

Mándao e asíno o alcalde, Alberto González Fernández en Valdoviño, na data indicada á marxe (asinado dixitalmente).”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/C009/000001).

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás nove horas e cincuenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/